

FAI FUME

Preludio de primavera

05.03.2008

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Como dicía esoutro día, leo estes días de presaxio de primavera e non estraño vento do norte, todo canto cae nas miñas mans a propósito de Xosé María Álvarez Blázquez, de quen teño debullado máis dun artigo ou columna moito antes de ser el o escritor -novelista, poeta, historiador e arqueólogo- a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Eu non tiven a sorte de tratar a Xosé María moito máis alá do que o trataron outros, pois coñecino xa uns poucos de anos antes da súa morte, e sobre todo naqueles Cursos Universitarios de verán que se celebraban en Vigo hai ben de lúas, coa presenza de novelistas, lingüistas, arqueólogos etc. Pero si o coñecía polos seus libros de narrativa, poesía, investigacións históricas e mesmo por artigos xornalísticos escritos na prensa galega. Un deses veráns que digo, sen el participar nos cursos que recordo, estaba entre os asistentes, canda min, e se mal non recordo, ditaba unha conferencia o noso amigo e profesor de Arqueoloxía, como el sempre ben di, Fernando Acuña Castroviejo, sobriño -creo- de Xosé María Castroviejo, aquel entrañábel escritor autor entre outras fermosas obras, de *El Pálido visitante*, *La montaña herida*, *Tribulaciones del cura de Noceda* e, un estupendo libro que eu nunca esquezo feito en colaboración con Álvaro Cunheiro: *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia* -sen deixar de man a súa *Guía espiritual de Galicia*: que leva do maxín destoutro Xosé María e, a propósito da caza, un dos prólogos máis fermosos que un ten lido na súa vida; dicía así: "Soy cazador de corazón y no de oficio". Pois ben, naquela excelente conferencia de Fernando, ilustrada con diapositivas verbo dos mosaicos e outros aspectos da Gallaecia romana, amosounos o célebre mosaico atopado en Panxón, cuxo paradoiro sempre foi para nós un misterio, pois escribíase moito del, aparecían gravados das teselas que o conformaban pero ningún autor indicaba en que lugar se encontraba o devandito mosaico.

E sobre o seu paradoiro pois, foi a pregunta que lle fixo Xosé María Álvarez Blázquez, arqueólogo de vocación, oficio e corazón, na compañía de Ánxel Ilarri e o animoso Pedro Díaz Álvarez, tres persoas que xa non están entre nós. "Temos lido moitas cousas del, visto fotos e debuxos -preguntou- pero nunca soubemos nin sabemos onde está. Podería dicirme vostede onde podemos velo? Fernando dixo que el tampouco o sabía, que alguén lle facilitara a el esa diapositiva, pero por outras canles seica sabía que o mosaico estaba no terreo dun particular, mutilado en grande parte, e o "dono" tiña como elemento decorativo no seu xardín. Foi para botar as mans á cabeza, tanto Xosé María como os alí presentes, incluído o propio Fernando, quen tamén se laiou desta situación do mosaico, que hoxe supoño no mesmo paradoiro. Foi alí cando eu deixei constancia da miña admiración polo pai dos meus amigos, e mesmo falamos doutro célebre mosaico atopado en Lugo na antiga rúa Batitales -hoxe Bispo Aguirre, do que hai un debuxo no museo lugués, pero seica foi parar e perderse no Museo Arqueolóxico Nacional de España, en Madrid, e uns outros xamais puidemos bater con el, e non sabemos hoxe en día se está aí ou de-sapareceu para sempre en calquera trebón da historia. As pezas, os importantes achados arqueolóxicos é outra parte da Galicia espoliada, entre homes e mulleres, palabras coas que máis ou menos me explicaba a min aquel día Xosé María Álvarez Blázquez, a quen lle debemos o descubrimento do maior número de estelas atopadas en Galicia, na rúa Pontevedra, en Vigo, felizmente no Museo da cidade.

E como dicía ao principio desta *Fai fume*, hoxe, de man amiga, chegoume *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*, unha moi boa biografía da autoría do noso bon amigo Darío Xohán Cabana, que tan preto viviu e traballou co autor de *Canle segredo*, *Cancioneiro de Monfero* e unha chea de poemas inéditos e dispersos reunidos hoxe nun fermoso volume pola man e o talento de Xavier Rodríguez Baixeras.